

NA EVOCACION DE ROSALIA CELEBROUSE O DIA DE GALIZA

DIA DAS LETRAS GALEGAS

Falar de Rosalía, é como falar dun ser querido, a quen aman todol-os galegos. Os fios es-
pritoales entre Rosalía e o seu pobo, entre Ro-
salía e Galiza, como dixo Ramón Piñeiro, tras-
cenden do plan estético e aínda do plan poético.
A forza de adhesión conque ela entregouse ao
seu pobo, correspóndese coa forza de adhesión
que Galiza sinte por Rosalía.

Rosalía canta a súa dór, que é a dór da Pa-
tria Galega, que é a dór de seu pobo, sempre
esquecido. Auténtica precursora do noso re-
nacer nacional, cantou contra o asoballamen-
to, a prol duha arela de liberdade. Por iso a
voz de Rosalía é a propia voz da Terra Galega.
E' a Terra cantando.

Galega integral e universal pol-o espírito. En-
demais o é, dun xeito total, pol-a dór. A obra
poética de Rosalía é no fondo, un berro de dór;
máis isa dór foi sempre alimentada pol-a es-
peranza. A esperanza dunha Galiza ceibe e
ventureira.

Dende a lonxanía, agroman adiante de nós,
dúas Rosalías: unha Rosalía ollada, sentida,
dende Galiza, dentro de Galiza, e outra Rosalía,
ollada, sentida dende fora de Galiza, dentro do
cerne emigratorio. Dende a outra estribela do
mar —qué soia fica a Terra— como isolada
abala Rosalía no tempo da súa existencia.

Soia a Terra, soia Rosalía, contra todos os
que a aldraxan. Concepción Arenal visteuse de
home, a Pardo Bazán non chegou a elo, mais
dixéronse na súa loubanza, verbas acesas de
entusiasmo pol-a forza do seu pensamento tan
varonil. Pero nin a Pardo Bazán nin Concep-
ción Arenal, adicaron a defensa da súa Terra
tan humán vitalidade como a que latexa nal-
gúns poemas de "Cantares Gallegos" de Rosa-
lía. Ela, tan coitadiña, como a ollaron e siguen
aínda ollándola algúns despistados comenta-
ristas literarios, deixou na historia poética de
Galiza, as máis bariles frases de condenación
para os inimigos da súa Terra, e todo cantado
dentro da máis lírica melodía.

A voz de Rosalía, e endemais, a voz inmo-
rrente da Saudade, que estamos chamando aos
que vivimos na ausencia. E' a voz da Terra Nai,
que sentimos día a día, rubir amodiño, dende o
fondo do noso corazón. Porque para Rosalía
todo ten voz: campo, aldeas, ermidas, regatos.
E' a súa propia voz da Saudade, a que nos pre-
ga a cada intre, co o seu repiqueteo de vellas
campás: volvede — volvede — volvede.

Aoz de Rosalía, a oz da Saudade, síguenos
chamando. Ella sepre nos agarda para darnos a
doce aperta da nai que ten aos seus fillos tan
lonxe, pero tan perto do seu corazón.

Vaga sin guía, con tremor franciscán. acarón
do irmán toxo, do irmán fiuncho, do irmán pa-
xaro, do irmán piñeiro. E' a saudade vaga sin
ter a quen a guíe, dende que Rosalía marchou
pol-os ronseles azues do alén.

E a nosa Saudade de imigrados foi compren-
dida, amada, sufrida por ela.

Rosalía Castro, que para sempre agromará no
corazón amargurado e agradecido dos galegos
espallados por todol-os camiños do mundo.

EMILIO PITA

XXVIII

Que Castilla e castellanos,
Todos nun montón a eito,
Non valén o que unha herbiña
D'estes nosos campos frescos.

X X X

Que o mar deixoute olvidada
E lonxe de ti correron
As brandas auguas que traen
De prantas cen semilleiros.

X X X

Nin arbres que che dan sombra,
Nin sombra que preste alento...
Llanura e sempre llanura,
Deserto e sempre deserto...

X X X

Esto che tocou, coitada,
Por herencia no universo,
¡Miserable fanfarrona!...
Triste herencia foi por certo.

Por iniciativa do grupo de intelectuais galegos xun-
guiños arredor de prestixiosa Editorial Galaxia, ven de
instituírse o Día das Letras Galegas, co gallo de cele-
brarse o centenario da publicación de Cantares Gallegos
de Rosalía, o 17 de maio de 1863.

Aderíndose a este celebración, Irmandade Galega de
Bos Aires, por iniciativa do irmán Antón Represas e
coa súa especial colaboración, editou unha tarxeta de

homaxe a Rosalía do dibujo original de Lexeiro e a
dedicatoria que se reproducen a continuación, a que se
está mandando a Editorial Galaxia, as coleccionistas ga-
legas espalladas pol-o mundo e a distintas persoalidades
galegas. Todos os que desexan sumar o seu homaxe a
este celebración tan significativo no rexurdimento do
nosro país, enviando tarxetas destas as persoas do seu
coñecemento, poden solicitarlas na Segredaría da Irmandade
ou na Editorial Follas Novas.

Laxeiro
1963



No centenario de Cantares Gallegos, a nación galega rende homaxe a Rosalía, a muller
esgrevia que como poeta asinala o rexurdimento definitivo do noso idioma, nunha integral iden-
tificación co su povo, e como precursora do noso renacemento nacional soupo erguer a ban-
deira da santa rebelión contra a opreición e o aldraxe, trocando as ancestrales arelas de liber-
dade do povo galego nun nidio sentimento de Patria.

IRMANDADE GALEGA

A GAITA GALEGA

Galicia, ti non téis patria,
Ti vives no mundo soya,
Y á prole fecunda tua
S'espalla en errantes hordas,
Mentras trist'e solitaria
Tendida na verde alfombra
O mar esperanza pides,
De Dios a esperanza imploras,
Por eso aunq'en son de festa
Alegre á gaitiña s'oya,
Eu podó decirche
Non canta, que chora.

XXXV

Canta que te canta, mentras,
Os corazóns tristes, choran.
Esto é aínda mais, eu quixera
Decir con lengua graciosa;
Mais donde a gracia me falta
O sentimento me sobra.
Aunq'este tampouco basta
Para expricar certas cousas.
Qu'a veces por fora ún canta,
Mentras que por dentro ún chora.
Non me expriquei cal quixera
Pois son de expricanza pouca;
Si gracia en cantar non teño,
O amor da patria m'afoga.

Rosalía de Castro

O CONSELLO DE GALIZA CELEBROU O CENTENARIO DOS XOGOS FRORAES

No casal do Centro Galego, pa-
rellamente co aito que en homena-
xe a Rosalía de Castro se celebra
todosos anos nas xornadas gale-
gas, levouse a cabo o día 27 de
Xulio, o descubrimento dunha pla-
ca en lembranza do centenario dos
xogos froraes galegos, ofrecida polo
"Consello de Galiza".

Pra se referir o significado daque-
la histórica data e a gravitación
que tivo no despertar da conciencia
do noso País, o Conselleiro Dr.
Alberto Vilanova, pronunciou unha
brillante alocución patriótica que foi
entusiásticamente celebrada pola nu-
merosa e calificada concurrencia,
reseñou o orador con verba clara
e precisa que demostraba un doado
coñecemento do tema, como se foi
xestando a organización dos xo-

gos froraes do 1861, destacando
o xeneroso sinalou mecenazgo da-
quel gran patriota que foi López
Cortón, cúa modestia sinalou co-
mo un exemplo que debe ser imi-
tado. Fixo unha reseña dos acon-
tecementos literarios que se foron su-
cedendo en Galiza logo do certame-
men que se estaba lembrando, e o
se referir á personalidade de Rosa-
lía, púso de releu a proveitosa
influencia que na súa obra tivo o
consello do seu home dor Manuel
Murguía. Con voce acesa de pa-
triótica emoción, calificou con du-
reza o s' turistas ó uso que nos
veñen falando dunha Galiza reco-
perada, cando a tristeira realidade
amostra que a nosa Terra sigue
sendo unha fábrica de emigran-
tes que fornece de brazos ás cida-
des dos países progresistas de toda

Europa, moito mais afortunados
que o noso, e rematou o seu dis-
curso —polo que recibiu nume-
rosas felicitacions— facendo votos
por unha Galiza libre, farturenta
e xusta.

Aseguido, usou da verba o Dr.
Quintela Novoa, quen fixo unha
eixaltación da personalidade de Ro-
salía pondo de releu os moitos
valimentos de que sempre se ado-
viou a muller galega; destacando
a obra humanista e literaria res-
peitivamente de Concepción Arenal
e de doña Emilia Pardo Bazán.

Por derradeiro falou o Sr. Igle-
sias Rivadulla, quen ofreceu o ho-
menaxe do Centro Galego, desta-
cando a trascendencia do mensaxe
rosalián, de quen trazou unha bio-
grafía chea de froidos conceptos.

